



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 30 de marzo de 2017, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 6.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual nº 7 do PXMO: Modificación da aliñación na Avda. Espoz y Mina, nº 17 e nº 19 - Iñás

“Vistos os informes técnico e xurídico emitidos en relación co asunto, proponse que polo Concello Pleno se adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o documento denominado MODIFICACION PUNTUAL Nº 7 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL: MODIFICACION DA ALIÑACION DA AVENIDA ESPOZ Y MINA Nº 17 E Nº 19 (documento nº 09619 de 29.06.2016).

Segundo.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a aprobación definitiva da MODIFICACION PUNTUAL Nº 7 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL: MODIFICACION DA ALIÑACION DA AVENIDA ESPOZ Y MINA Nº 17 E Nº 19 (documento nº 09619 de 29.06.2016).

Terceiro.- Dilixenciar o documento e remitir copia do expediente administrativo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 31 de marzo de 2017.-

Vº e Prace

O alcalde,

Ángel García Seoane

